




**SOMOS EQUIPO!!!**

**ENDLG AQUIS CELENIS**

**RUXE-RUXE N° 23**





s veces semella que non hai marxe para o optimismo. Que a realidade do noso idioma é unha película cun final dramático e previsible. Todos os elementos cos que se está elaborando o guión parecen destinados a quitarnos a ilusión dun futuro en galego.

En maio, no simbólico 17 de maio, aparecía na prensa o dato de que o uso habitual do noso idioma baixara do 50% na poboación das comarcas do Salnés e Caldas, cando segundo datos do Instituto Galego de Estatística no 2018 chegaba ao 63%.

Nos centros de ensino somos testemuñas diarias dunha situación se cadra máis dura porque podemos proxectar o que vai pasar dentro duns anos coa rapazada coa que agora compartimos o noso día a día. Vemos que ata resulta complicado facer visible a realidade do idioma porque o galego segue coa máscara. Xa a tiña moito antes da pandemia.

É esa necesidade de que se vexa e se prestixie o galego que existe no alumnado do centro un dos obxectivos importantes do Equipo da Lingua do Aquis. Queremos transmitir a idea de que os nosos traballos (programas de radio, campañas de promoción, celebracións varias...) serven para quitarlle a máscara ao galego no instituto, para mobilizala e para prestixiala. O noso activismo cara á lingua convértenos a todas e cada unha das persoas do Equipo en modelos de prestixio. É unha responsabilidade pero tamén un orgullo.

A nosa acción diaria ten como obxectivo vencer ese pesimismo do que falaba ao comezo, cunha ilusión que non esqueza o sentido crítico. Ademais, é unha tarefa compartida pois toda a comunidade educativa debe transmitir o enriquecemento colectivo que supón a vitalidade do idioma.

Afortunadamente, durante este curso no guión da película do galego no Aquis seguiu habendo un enorme protagonismo colectivo do alumnado, xente nova con moitas ganas de facer cousas. Aproveitemos este capital. Hai futuro.

# NORMALIZ-ACCIÓN (MÁIS CA UN EQUIPO)

## SOMOS EQUIPO!

**C**ando cheguei ao Aquis Celenis recordo dous feitos con claridade. Dunha banda, as torres xemelgas de Nova Iorque viñan de caer nun feito histórico icónico e, doutra, eu aínda non falaba galego en todos os contextos... Si, era setembro de 2001. Ao rematar ese curso, 2001-2002, souben por casualidade que eu era parte do Equipo de Normalización Lingüística, o EDLG. Non sabía que era ese equipo nin as siglas... Tamén souben que había unha revista Ruxe-Ruxe que se publicaba cada ano no centro. A partir dese momento, sempre fun parte do equipo, entre outras razóns porque foi desde ese curso cando empreguei o galego en todos os contextos da miña vida. Era un paso que quería dar desde había tempo, pero foi no Aquis onde a tribo celena de profesorado e alumnado, que con tanto orgullo falaba a lingua, me contaxiou toda a forza para impartir as miñas clases, crear os meus apuntamentos e falar sempre, sempre en galego.

Máis adiante chegou Ana Rial, e aí, debeu ser polo 2007... cambiou todo!!! Enchendo de dinamismo lingüístico a vida no centro: publicacións mensuais (Caldeiradas), reunións con 20 ou máis alumnos/as, creación de curtas e formación audiovisual, videocreacións, premios e ademais a Festa da Lingua... na que Equipos de Dinamización de toda a contorna (Coordinadora Terras do Umia) impulsaron unha festa con concursos de micropoesía, microrelatos, de oralidade (Contaumia), de música (Sondumia), premios Lingumia (ás entidades/empresas impulsoras da lingua galega)... xunto cun xurado literario e musical galego de renome. Ademais foi o comezo das viaxes conxuntas co Club de Lectura e co grupo de Teatro a Portugal, xunto co Club de Lectura do Porto do Son.



Foron anos gloriosos de dinamización da lingua e actividade frenética no Aquis (normalizando a lingua galega nos clubs de lectura, no grupo de teatro, na Semana da Ciencia).

E agora, vinte anos despois, aquí estamos, que non é pouco... Publicamos a revista Ruxe-Ruxe, á que é certo que lle falta máis reflexión sobre o emprego da lingua... entre outras cousas. Mais seguimos estando moi orgullosos/as da nosa lingua no Aquis. Comandados por un grupo de profes, temos a máis dun 10 % do alumnado do centro asistindo ás reunións, con moita rapazada de 1º de ESO xunto coas/os veteranas/os de 1º Bach. Temos a nosa radio "Ferven as ondas". Como as tribos celenas, xuntámonos non lonxe do río. Alí temos as nosas mesas, onde xantamos. Rimos e dámoslle á lingua. Levamos con orgullo as nosas camisolas de "Ferven as ondas" e somos Equipo.



Ao mellor ti non sabes o que é o EDLG, e coñeces agora mesmo que hai unha revista... pero tamén pode que, como me pasou a min, xa sexas parte do Equipo sen sabelo. Neste momento estarás contagiado dun irrefreable impulso de empregar a lingua en todos os contextos. Móvense as augas, todo é un novo comezo e ferven as ondas. Benvido/a ao Equipo!

**Pedro**



# NORMALIZ-ACCIÓN (MÁIS CA UN EQUIPO)

## O EQUIPO DA LINGUA

**O**la! Nós somos Enma e Laura, dúas rapazas que estamos cursando 3º da ESO e imos compartir a nosa experiencia no Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

A máis experimentada son eu, Laura, xa que levo participando neste equipo desde que cheguei ao instituto e a verdade é que os tres anos nos que estiven foron moi diferentes.

O primeiro ano eu non participaba moito nas actividades xa que non tomaba a iniciativa porque era a máis pequena do grupo e non tiña ningún compañeiro da miña idade. Aínda así foi unha experiencia agradable xa que coñecín a xente doutros cursos e do meu. Ademais os compañeiros eran moi bos e os profesores sempre intentaban involucrarme en todas as actividades.

Aquel curso viuse interrompido pola pandemia e non puiden vivir o ano enteiro pero o tempo que estiven paseino moi ben, o que fixo que ao ano seguinte, cando estaba en 2º, quixese volver a participar.

Ese ano era diferente porque non quedabamos a comer, senón despois das clases da tarde do martes. Tamén me agradou moito e xa me animaba máis a participar porque tiña máis confianza.

O seguinte ano, é dicir este, como as experiencias previas foran positivas e algun-

has amigas miñas tiñan a idea de anotarse, alegreime moito porque xa non ía ser a única da miña clase.

De todos os anos nos que estiven no equipo, este foi o que máis me gustou, porque volvimos a quedar á hora de comer, cousa que me agradaba máis que quedar pola tarde, e ademais estaba con elas. O momento de comer, despois da dura mañá de clases, aproveitámolo para falar das nosas cousas e a verdade é que o pasamos moi ben todas xuntas. Ben seguro que é por todo isto polo que participei moitísimo máis e, por riba, como había moita máis xente ca nos cursos anteriores, podíamos facer moitas actividades que antes non faciamos. A min paréceme que son actividades divertidas e innovadoras, como os programas de radio “Ferven as ondas”. Este ano o grande reto foi facer un programa cada trimestre (faltounos o terceiro) no que participamos todas as persoas do grupo. Tratamos moitos temas: recomendacións de música en galego, recomendacións de lugares que pague a pena visitar, enquisas e reportaxes diversas (a situación da lingua entre a xente nova, a denuncia do machismo que nos arrodea), recollida de opinións sobre asuntos de actualidade como o paso das Tanxugueiras polo Benidorm Fest, etc.





A este programa pode acceder todo o alumnado e profesorado do centro, pero tamén calquera outra persoa que queira escoitar os traballos que facemos. Tamén hai que engadir que temos un “traballo” do que estamos encargados todos os anos: a elaboración desta revista.

Como vedes, formar parte do Equipo da Lingua é unha experiencia moi enriquecedora porque coñeces persoas novas doutros cursos, ves os diferentes puntos de vista e as ideas doutras persoas con máis e menos idade ca ti.

E agora, a continuación, imos ler a experiencia da miña compañeira Enma, que se incorporou este ano.

**O**la! Pois eu son Enma e incorporeime ao Equipo no ano no que curso 3º de ESO. Apunteime principalmente para ver que se facía, como era, e tamén para colaborar nas diversas actividades que realiza o instituto. Mais, sinceramente, á parte destas razóns tamén o fixen para poder pasar máis tem-



po coas miñas amigas. Como houbo moi bo tempo, comiamos e reuniámonos ao

redor dunhas mesas que nos puxeron este ano no patio. E eses momentos foron maravillosos.

Como xa indica o seu propio nome, neste grupo tratamos de promover o prestixio e o uso da lingua galega, realizando distintos traballos tanto para dentro coma para fóra do instituto. Por exemplo, deseñamos diversos carteis relacionados coa lingua ou con temas

actuais, elaboramos o contido da revista Ruxe Ruxe, esta publicación



que estades lendo e na que se dá conta de moitas das actividades que se desenvolven durante o curso no Aquis e que teñen o galego como un elemento vertebrador.

A estas alturas xa podo dicir que apuntarme neste grupo foi unha das mellores cousas que fixen neste curso e agardo que para o seguinte volva a haber novas incorporacións.

Por iso, e xa para rematar, as dúas queremos engadir que se vos chama a atención o que lestes aquí sobre os traballos que realizamos no Equipo da Lingua e pensades que vos pode gustar, que este pode ser tamén o voso lugar, animámonos a que participedes porque non vos ides arrepentir. E se vides con amig@s aínda mellor!

**Laura e Enma (3º ESO)**

# NORMALIZ-ACCIÓN

## HISTORIAS ESQUECIDAS

**H**oxe vou contar a historia dos meus avós, unhas persoas que loitaron durante moito tempo pola implantación do galego en calquera ámbito, así como polo prestixio de Galiza.

Meu avó era de aldea, de aquí de Cuntis, da casa onde eu agora vivo. Miña avoa, pola contra, é unha muller nacida en Vigo, de familia castelanfalante. E non, ela non saíu defensora da lingua da súa casa, senón que ao coñecer ao meu avó, este propúxolle que se apuntara a unhas clases de galego que se daban para adultos. Así o fixo ela, e aí aprendeu a escribir e a ler na nosa lingua.

Segundo di miña avoa, o avó xa era un revolucionario cando o coñeceu (revolucionario é como sempre o chama). Dende novo estivo no Partido Galeguista, metido en política (ata se fixo amigo de Manuel María na época que viviron en Lugo!); e metido estaba tamén en toda canta manifestación había, sempre que o motivo lle parecera o suficientemente xusto.

Hai que ter en conta que as manifestacións de entón non eran como as de agora; moito mo ten dito miña avoa: “daquela os policías mallaban, e dáballe igual que foras home, muller ou can, que as labazadas dábanchas sen piedade”. A ela nunca lle pegaron, sempre escapaba antes. Di que en Santiago, onde se realizaban as protestas máis grandes, había donos de bares e establecementos aliados, que cando os policías comezaban a golpear, deixaban entrar á xente e baixaban as reixas, para refuxialos dentro. Aínda así, moitos non querían quedar, senón saír e continuar. Un deses era meu avó, segundo o recordo no cal miña nai, indo no carrito aínda, veu e escoitou a seu pai berrar dentro dun destes bares: “abrideme a cancela e deixádeme saír, que aquí dentro non facemos nada, pois o poder de verdade está na rúa”

O poder de verdade está na rúa, moi gravada lle quedou esa frase a miña avoa... moito ma repite sempre. Ela teno claro, e eu tamén. A situación da nosa lingua é preocupante: cada vez menos persoas a empregan, e as no-



Os medios de comunicación en galego son mínimos, e a cultura, tanto literaria como musical ou cinematográfica, están infravaloradas. Os prexuízos lingüísticos están moito máis vivos que hai un pouco tempo atrás, e agora que o galego é obrigatorio nas escolas, hai incluso xente que loita por sacalo.

Por iso este recordo dos meus avós; deles e de tanta xente esquecida que loitaron toda a vida, polos dereitos que nós estamos deixando marchar. As historias de moitas persoas, de moitos berros, de moitos quilómetros... e incluso de moitos golpes. Como xa dixo Jorge Agustín Nicolás Ruiz de Santayana: “quen non coñece a súa historia, está condenado a repetila”

Para todas esas persoas que dubidan en falarlle galego aos fillos e fillas, a empregalo no seu día a día, a mantelo vivo... deixo esta gran cita de miña avoa, que non sairá en ningún libro de historia, pero que segue dicíndome aínda hoxe, cada vez que falamos de meu avó, dos seus anos xuntos, das súas loitas e do seu recordo: “eu xa loitei todo o que nesta vida me tocaba loitar, protestamos moito e tamén logramos moito. Tende claro que o máximo poder que ten un pobo é a voz. A voz do pobo non debe ser silenciada. As rúas están para saír, nelas é onde

de verdade se conseguen as cousas. Non o esquezas, non esquezas nunca todo o que teu avó loitou. Que el e todas as persoas que camiñaban e beraban connosco, aínda que a maioría xa non estean, se sintan orgullosos. Xa sabes neniña, hai que loitar, sigue loitando, que agora é a vosa quenda”.

Así que xa sabes lectora ou lector, non esquezas a historia, comeza a loitar porque esta xa é a nosa xeira.

**Diana Castelo Renda**  
**1ºBACH A**



**Alicia Moure**

# CRE-ACCIÓN

## POESÍA

**N**este ano no que a poesía cobrou un protagonismo especial no noso instituto a través do proxecto interdisciplinar Poesía para pasear o mundo, queremos traer a esta revista os textos poéticos de dous alumnos de 1º da ESO do Aquis, Adrián Suárez Pereira e Yegor Padín Guryanova. Estes compañeiros nosos recibiron o 2º e 3º premio, respectivamente, da súa categoría, no XIX Certame literario do Concello de Ames.



O pasado 13 de maio recolleron os seus galardóns no acto poético literario que se celebrou no auditorio da Casa da Cultura do Milladoiro.

Dámoslles os parabéns aos dous e animámoslos a que sigan apostando polo galego na súa práctica literaria.

**Somos moi valentes**

Situacións particulares  
que esnaquizan corazóns.

Simples palabras  
que semellan polisémicas,  
e que nun día de alegría  
fabrican unha noite de dor.

É o normal nas persoas,  
deshabitan os seus problemas

e búscanos nos demais.

Os defectos dos outros  
tradúcenos en insultos,

e nós,  
gardámolo no noso interior.

Para sempre.

Por sempre.

Onde caeron as estrelas?

Onde caeron as estrelas  
que nos días de verán  
cruzaban o ceo?

Onde caeron as estrelas  
que facían feliz

coa brisa fresca da noite?

Onde caeron as estrelas  
que comerciaban con desexos?

Onde caeron as estrelas  
que portaban os sorrisos  
da antiga xuventude?

**Adrián Suárez Pereira**

**Frío recordo, brisa do norte**

Brisa do norte

Brisa fría

Brisa de tristeza

Brisa apagada,

Brisa,

A brisa arrastra

Que arrastra a brisa?

A brisa arrastra

A brisa arrastra

Un recordo a brisa arrastra

Arrastra a miña tristura

Arrastra as miñas lágrimas

Arrastra o meu alento

Frío triste e gris

A brisa arrastra

A brisa arrastra

Xa nin sei o que arrastra!

Ai fría brisa do norte

Ai ti que me recordas a morte

Ai ti que me provocas dor

Ai ti que me fas chorar

Vaite ti brisa do norte

Que esta é unha dor moi forte

Alónxate e non volvas!

Libérame dos teus murmurios

Libérame!

Libérame de ti!

Libérame da túa malicia

Libérame por favor!

**Yegor Padín Guryanova**



**Alicia Moure**

### **Triste bágoa**

Non me pidas calar  
Non me pidas non chorar  
Non me pidas un sorriso  
Non me pidas máis nada  
Non  
Choro por ti  
Choro porque non estás  
Choro porque xa non me podes  
abrazar  
Choro por verte marchar,  
Choro por ti  
Choro, si, choro  
E que!  
Choro por non verte regresar  
Choro por ter sempre que chorar

**Yegor Padín Guryanova**

### **A derradeira poesía do derradeiro sentimento**

Todos están apagados.  
Esas alegrías  
do verán de 2019,  
os venres á tarde  
despois de toda a semana traba-  
llando,  
as túas amizades  
que resultan non selo,  
e cada un dos afectos  
da nosa infancia.  
Onde quedaron todos eses senti-  
mentos  
que sen sabelo  
arranxaban as noites?

**Adrián Suárez Pereira**



**Alicia Moure**

**E**staba enriba da cama, lendo un libro, pero cando ía pasar de páxina, o aire fixérao por min. Levantei a vista para ver se todo seguía en orde. Apparentemente si, pero había algo que non cadraba. Ao lado das miñas pernas había unha nota que dicía: “Ven ao corredor do piso de arriba”. Ao principio pareceume unha parvada pero decidín ir igualmente.

Saín do cuarto sen facer ningún ruído xa que era moi tarde e todos estaban durmindo menos eu. Ao chegar arriba o renxer da madeira do corredor fíxome sentir moi insegura da miña decisión.

–Detrás túa –dixo unha voz algo coñecida. Doume a volta e o único que se me ocorre dicir é:

–Pero ti que fas na miña casa ás doce da noite? Non sabes que mañá hai clase ou que? –soltei eu borboriñando para que ninguén espertara.

–A ver muller, tampouco é para tanto non?

–Pois si, que a miña mellor amiga aparece desa maneira tan sinistra na miña casa ás doce da noite si que é para tanto.

–Vale, pero ti só le isto, –dixo ela dándome unha carta.

Despois de lela, levanto a vista e digolle:

–Pero Paula, como imos facer isto? É unha loucura –. Pero para a miña sor-

presa, Paula xa non estaba, esfumárase, así que decido volver ao meu cuarto.

Enriba da cama había unha nota: “Se decides vir con nós, quedamos ás dúas menos cuarto diante do colexio. Espero que veñas.” Souben que era ela porque a súa letra era inconfundiblemente elegante.

Ía pola rúa, pensando no que pasaría se os meus pais se decatasen de que marchara da casa cos meus amigos para facer unha pintada na casa do noso peor profesor. Despois de pensar iso, revolvíaseme o estómago. Foi aquela unha boa decisión? Debería volver á casa? Entón souben que era moi tarde, xa estaba moi lonxe, entón...

–A ver, esperta dunha vez... Non fas máis que durmir! –dixo miña nai.

Incorpórome tan de repente que a miña nai doulle un susto:

–Durmiches mal ou que? Tes unha olleiras...

–Tiven un pesadelo...

–Vale, despois da escola falamos, que como non apures non chegas a tempo! –dixen mentres a luz do día me despertaba.

Así que aquilo non fora máis ca un soño.

**Laura Moure**

O alumnado de 4º ESO traballou a poesía dentro do proxecto **Poesía para pasear o mundo**.

## Cadáveres exquisitos (fragmentos)

---

Unha noite de lúa chea  
 Vai un frío que mata pingüíns  
 Unha vez que se chega non queda outra que volver viaxar

Un día de verán na madrugada  
 tiña un cabelo nos beizos  
 mordeume unha serpe no pé  
 e morreu


Aburrimiento extremo na aula  
 onte fun sachar as patacas e atopei un can bebendo nun rego  
 Ganas de verán teño  
 pero os estudos están primeiro.  
 O outro día en clase un pardal bateu na ventá.

Unha praia vendo o solpor,  
 fun visitar o mar o mes pasado.  
 Saír de festa a min ledicia me fai sentir  
 como ser estudante que non é fácil  
 como os exames de galego  
 tomate con peituga.

Moito tempo quieto e con ganas de marchar,  
 choverá a chuzos tras a ventá.  
 Onte ás oito  
 abrindo un novo capítulo  
 de visita nunha casa descoñecida.  
 Triceratops verde.  
 Vouche dicir unha cousa  
 eu son un estranxeiro  
 pero o que non vos dixen  
 é que me gustan os sombreiros.

Máis poemas sobre a obra **Poetízate**

A miña táctica é namorarte  
construír de novo con amor  
o que con palabras non  
fomos capaces  
Para quedar no teu recordo  
prefiro volver atrás  
olvidarte e quedar só  
Se son sincero non te poderei olvidar  
marcáchesme tanto que sen ti  
este barco non pode seguir navegando



**Alba Rajoy**

**(Alejandro, inspirado por Benedetti)**

As persoas únense mediante lazos vermellos,  
algúns máis débiles que outros.  
O nosos son de cor amarelo.  
Que significa iso?  
Preguntaríacho se puideses escoitarme,  
pero só pensas en música e xeados de laranxa.

**(Lucía Couto)**

DE PEQUENA...

De nena  
abría ansiosa os regalos de debaixo da árbore.  
Hoxe tócame mirar como os máis cativos recrean  
o que eu sentía.

**(Lorena)**

Como todos os sábados toca meter terceira e dar gaaaas, preparar todo para a noite de estrelas que nos espera, neste tramo collemos a dereita despois dun posible fondo e chegamos a entrada da Chanteclair, alí metemoslle a primeira pero nun intre... Zaas! Xa estamos collendo un cruce de rasante para aguantar o punto morto de todos os domingos.

**(Aroa)**

Por moito que esteamos loitando por amar,  
ás veces non podemos facer outra cousa que mirar  
como se esvae a nosa esperanza,  
ante un tormento que sempre nos precede.  
Pero hai veces que por moito que ames,  
non hai saída para poder compensarte,  
saber que o amor imposible existe,  
e que somos os protagonistas máis tristes.

**(Lucía Foira)**

## MALDITO VIRUS

Vivimos tempos difíciles,  
debido a un maldito virus,  
que nos ten engaiolados,  
sen poder divertirnos.


Un xa está moi cansado,  
de esperar e esperar,  
e o máis negro de todo,  
non se ve o final.

Non podemos xuntarnos,  
nin xogar coma antes,  
só podemos quedarnos,  
a esperar que isto pase.

Mais, a esperanza, non a perdo,  
a pesar de todo,  
sei que tarde ou cedo,  
viviremos de novo.

**(Uxío)**





**Ayla Sánchez**

A noite é como un peixe  
con boca de lobo  
a continuación dun esquecemento,  
vén o seguinte...  
Acolá hai un pozo mais...  
busca outro, que este ten dono  
Prendeu o lume no pazo  
malia que non o fixeras ti.  
De min a ti, un mar de dúbidas  
atópalle nome ó labirinto e...  
lisca!  
Ademais, ate che vou dar eu as instrucións;  
1º tramo á dereita tirando do freno de man  
de seguido, vóltao á esquerda e bule dalí  
como se foses ti un de fast&furious con  
cincocentos cabalos  
medio gramo de euforia  
e medio litro de corremento sanguíneo  
mais procura que iso non ocorra  
mellor saír bulindo ileso que saír  
de alí e dereito para o tanatorio.

**(Nerea Romero)**

Unha nena con medo a soidade  
un día abre un libro.  
Agora, pasa os días entre páxinas  
e as noites en vela

**(Ayla)**

A ausencia de todo  
e símbolo de paz  
suprema, que conleva  
un dos máis grandes sacrificios.

**(Diego)**



**Roi Pensado**

# COLABOR-ACCIÓNS

## SEMANA DA CIENCIA

**T**ras meses agardando, e moitos nervios ante dous días que son moi importantes para o Aquis, chegou a Semana da Ciencia a comezos de maio.

Tanto o profesorado de Ciencias como o noso alumnado non pararon de transportar material e preparar todo... para logo ofrecer unhas extraordinarias exposicións á rapazada dos distintos centros e á cidadanía de Caldas que pasou pola Avenida Román López e que se achegaba ás mesas para interesarse por elas.

Esta iniciativa fixo de novo visible a importancia de trasladarlle á cidadanía o papel da ciencia nas nosas vidas, así como a necesidade de poñer en valor a achega imprescindible das mulleres de onte, de hoxe... e das de mañá.



## ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS

**N**este proxecto interdisciplinar no que participamos ao longo do curso os rapaces e as rapazas de 2º e 3º da ESO, tivemos unha actividade final que consistía nunha quedada con dúas mozas activistas do Salvador chamadas Yezli Mic e Queen Mc. Viñeron para contarnos a súa experiencia como cantantes de Hip Hop naquel país.

Tamén nos contaron como está a situación alí agora mesmo, xa que están pasando por un momento difícil, tanto social coma económica e politicamente. Soubemos que no Salvador está penado o aborto, e apenas hai igualdade, polo tanto é máis difícil que unha muller poida iniciar unha carreira musical, e menos nun xénero como o hip hop, xa que é un ámbito considerado masculino.

Despois da súa exposición, fixémoslles preguntas sobre o seu grupo, xa que aínda que só viñeron elas dúas, en total son 11 rapazas as que forman o grupo chamado Hip Hop Femenino.

Por exemplo, quixemos saber como chegaran á conclusión de formar o grupo e se tiñan algunha canción especial para elas.

Para rematar, deron un pequeno concerto que estivo moi ben, e no que incluso cantamos con elas unha das súas cancións. E quen quixo fíxose algunhas fotos con elas!

En definitiva, foi un bonito peche ao traballo de varios meses nos que aprendemos en grupo e nos convertimos en activistas de moi diversos temas



(do respecto ao medio natural, da igualdade, contra os discursos de odio...) a través dos programas de radio que elaboramos e, finalmente, gravamos. Non deixedes de escoitarnos!

**Antía Nan, Emma Luna e Laura Caamiña**



## CLUB DE LECTURA

O club de lectura é unha actividade extraescolar na que nos xuntamos cada quince días, alternando co Equipo da Lingua.

Reunímonos ao rematar a mañá dos martes, despois de xantar, nas mesas de madeira do patio, pois sempre vai sol cando nos poñemos a falar de literatura!!

Cada persoa comenta como vai coa lectura do libro que escolleu, que pode ser unha recomendación doutra alumna ou do profesorado, e damos a nosa opinión. No club escollemos lecturas en galego para seguir dándolle visibilidade á nosa lingua no tempo de lecer, de diferentes temáticas e segundo os gustos de cada unha de nós. Neste curso houbo libros de misterio con relacións tóxicas, de cuadrillas de adolescentes que rachan de forma dramática... houbo quen probou coa novela gráfica, quen se somerxeu no thriller psicolóxico... É por iso que moitas veces acabamos falando de series, películas... pois todo está conectado.


Un exemplo dun libro que lemos as miñas compañeiras e mais eu é *O cemiterio de barcos*, de Francisco Castro. Gustoume moito porque me engancho nada máis comezar. Para min foi o mellor libro do club deste ano e polas opinións das outras integrantes sei que lles gustou moito a case todas. Tamén triunfou a lectura coa que comezamos os encontros, *santoamaro*, de Antonio Manuel Fraga.

Algo moi positivo do club é que estamos dende alumnado de 3º e 4º de ESO ata alumnas de 2º Bach, o que enriquece moito as reunións. Ademais, dende este grupo, varias veces no curso contribuímos con lecturas temáticas á Hora de Ler que temos cada semana na ESO.

En definitiva, como se pode intuír a partir do que levo escrito, a actividade do Club de Lectura resúltame entretida pois, se che gusta ler coma a min, sempre descubres libros novos e interesantes! Convídevos a que participedes no vindeiro curso!

**Laura Caamiña**





**B** ego,

XLI

“Xa nunca máis te atormente o humano e o divino, dá aos ventos lixeiros o teu dubidar sen tino, odia o mañán incerto e xoga cos remuíños da doce Co-peira que che administra o viño”

**Omar Khayyám. Rubaiyat**

Chegou o momento de deixares o Aquis, pero a túa pegada queda na biblio-teca, nos grupos de Igualdade... nas reflexións e nas conversas.  
TI Es Aquis!

## POESÍA PARA PASEAR O MUNDO

**P**oesía para pasear o mundo Era algo que viamos con distancia e certas reticencias, pero

tamén era un reto. Mais este ano a poesía entrou de cheo nas aulas con este proxecto do centro no que o departamento de lingua galega e literatura participou, entre outros, co noso grupo de 4º da ESO.

Realizamos unha chea de actividades para somerxernos no mundo da creación poética. A primeira foi un obradoiro con Arancha Nogueira que, para quen non o saiba, é unha recoñecida poeta galega da actualidade. Grazas a Arancha, todos nós sacamos fóra a nosa poeta interior. Logrou que ata compañeiros e compañeiras que non eran moi afíns á poesía crearan un poema, e non un poema calquera, un poema que lles gustase, que tivera un significado para eles e elas.

Semanas despois, fixemos un traballo de interpretación no que cada persoa explicaba o que lle transmitían os poemas escollidos polo profesorado para este proxecto. Unha vez feito isto, tivemos que trasladalo a alumnado de 1º de BACH para que, grazas ás nosas

explicacións, crearan na clase de música unha melodía de fondo para estes mesmos textos.

Neste proxecto, no noso caso, tamén se incluíu unha lectura obrigatoria na 2ª avaliación: *Poetízate*, unha antoloxía que recolle poesía galega dende Rosalía de Castro ata a actualidade. Para avaliar esta lectura, fixemos un traballo no que tivemos que responder preguntas sobre o libro e sobre a nosa relación coa poesía. Mais non só iso, tamén tivemos que exercitar a nosa imaxinación e crear un poema propio.

Un cadáver exquisito, si, esa foi a nosa seguinte actividade, que serviu de preparación para a última parte do proxecto. Anxo, o profesor de lingua, repartiu-nos un folio por cada ringleira de mesas, no que ti escribías un verso, calquera cousa que se che ocorrera, e tiñamos que dobralo para que a seguinte persoa escribira sen ver o anterior, creando así unha poesía ben curiosa, que ao final non foi tan desastre como esperabamos, aínda que a súa temática principal acabou sendo a comida.




O seguinte chanzo a subir para a nosa inmersión na lírica foi a creación doutro poema cun anaco de papel e un lapis, só que esta vez foi acompañado dunha fermosa canción de Abe Rábade, “*Piano só entre árbores*”. Este traballo tamén foi unha preparación para o seguinte e último paso.

Finalmente, a última estación deste proxecto, o último obradoiro, foi a creación dun fanzine, unha revista feita e autoeditada por persoas afeccionadas a un determinado tema. Aquí cadaquén tiña que traer da casa textos e imaxes

que lle gustaran, e tamén o profesor levaría os nosos poemas para poder usalos como quixeramos. Á hora de elaboralo na clase, puxémonos en grupos e unha vez que nos explicaron o que tiñamos que facer, sacamos de novo a nosa creatividade e puxémons mans á obra. Temos que admitir que os resultados foron mellor ca os esperados, pois iso de traballar en grupo non é doado e desta volta acabou ben.

**Raquel Abraldes e Águeda Jamardo**  
**(4° ESO A)**

Podedes ver a web co traballo completo escaneando este QR



# CELEBR- ACCIONS

## DE ROSALÍA A FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

O Equipo da Lingua está presente, e colabora ao longo de todo o curso co Equipo da Biblioteca e con outros departamentos, nas actividades de fomento da lectura e de celebración de efemérides que prestixian a nosa lingua.

Este ano, logo de ser xa celebrado desde hai anos pola comunidade educativa, fíxose oficial no calendario dos centros de ensino o **Día de Rosalía**. E viña con sorpresa, pois a data que agora ficará establecida para a celebración será o 23 de febreiro (no

canto do 24) grazas ao recente estudo da investigadora Sagrario Abelleira.




Nós reivindicamos á poeta lendo os seus versos e, grazas á intervención do Departamento de Educación Plástica co alumnado de 4º da ESO, seguimos engalanando o noso centro con creacións artísticas en gran formato que lembran o seu valor fulcral na nosa literatura.



E logo de participar en abril no Camiño dos Libros que coordinou o Equipo da Biblioteca, chegamos á data central das nosas letras.

O compromiso de **Florencio Delgado Gurriarán** co galego é tamén un exemplo para quen conformamos este Equipo da Lingua. Non é un compromiso dun día solto ao ano senón diario e continuado coma o que mostraron rapazada e profesorado ao longo deste curso.



Nos días previos ao 17 de maio colocamos no instituto a exposición cos carteis sobre a vida e a obra do poeta valdeorrés que homenaxeamos neste 2022. Como achega propia, de novo o Departamento de Plástica, co alumnado de 4º da ESO, agasallounos con dúas magníficas montaxes gráficas sobre o autor de *Galicia infinda*.

# A CANDELORIA

## Casan os paxaros... e o alumnado toma a palabra!

**D**esde o Equipo da Lingua queremos parabenizar a iniciativa de varias alumnas de 1º de Bacharelato (especialmente a Catuxa e a Emma) por promover, con moi pouco tempo pero moito esforzo, ilusión e acerto, a celebración da Candeloria como ferramenta dinamizadora do uso do galego no noso centro. A resposta do alumnado a este convite foi masiva e, o pasado 2 de febreiro, a caixa do correo disposta para o evento encheuse de mensaxes diversas canto a persoas destinatarias e a concepcións do amor.




O alumnado do Aquis tomou a palabra e quixo mostrar o seu amor... tamén á lingua!



## ROSALÍA: SEMENTANDO PENSAMENTOS

**A** **HORA DE LER** no Día de Rosalía, este ano por primeira vez o 23 de febreiro, foi unha homenaxe á nosa poeta máis universal.

As rapazas de 2º bacharelato do Club de lectura compartiron as palabras e os versos de Rosalía co alumnado de 3º e 4º da ESO. Case ao mesmo tempo, o alumnado de Plástica 4º da ESO colocaba nun lugar ben visible do centro, o corredor central, unha pintura de Rosalía traballada por eles coa dirección artística de Antonieta, a profe.



# DÍA DO LIBRO

**Este** día no AQUIS os libros foron os protagonistas.

O alumnado do 1º ciclo da ESO seguiu **O CAMIÑO DOS LIBROS** para procurar as historias que nacen da súa imaxina-



Esta foi unha das actividades pero ademais os mozos e as mozas da materia de teatro de 1º bacharelato saíron á rúa para facer unha **PERFORMANCE LITERARIA**, e o profesorado comezou cada sesión coa lectura dun poema, conto, texto divulgativo...

Porque hoxe, coma mañá, coma onte, coma sempre, os libros son protagonistas.



# CONT-ANDO

## REGUEIFAS E TÍRALLE DA LÍNGUA

O alumnado de 1º de ESO a través do Departamento de Galego e o EDLG desenvolveu un **obradoiro de regueifas**, de dúas sesións no mes de outubro, coa regueifeira Lupe Blanco. Aínda que nun principio contábase coa participación de alumnado na fase final provincial en Valadares, ao final non puido ser e quedou nunha actividade da que o alumnado gozou e practicou nas clases de galego e no patio, corredores...



Un ano máis tamén participamos do **Tíralle da Lingua**, con alumnado de 2º e 3º de ESO (Lingua galega e EDLG) e 1º Bach (Teatro e EDLG) no mes de novembro. Houbo moita participación e moi boa calidade nas propostas... Os finalistas do noso centro (elixidos por un xurado, case que profesional) foron: Roi Barreiro de 2º de ESO, Iván Blanco de 3º de ESO, Diana Castelo, Inés Blanco e Catuxa Rodrí-



# ENTREVIST-ANDO

## ARTISTAS DO AQUIS

**E**ntre o alumnado co que compartimos día a día no Aquis hai quen ten que buscar tempo para outras ocupacións ademais de tratar de sacar adiante o curso correspondente. Un deses alumnos é Diego Vázquez Valiño. Diego é un estudante do noso curso, 3º da ESO, que tamén estuda no CMUS Manuel Quiroga. Para ver se é fácil compaxinar estes dous estudos tan diferentes decidimos facerlle esta entrevista.

### **1- Ola Diego, tes tempo suficiente para estudar as materias do curso e para o conservatorio?**

Ben, non teño nin moito nin pouco, nin pouquísimo. Intento organizarme da mellor maneira que podo pero teño o tempo bastante xusto.

### **2- Como te organizas para estudar para os exames do instituto?**

Pois o que fago é: como o trombón pode facer son e molestar aos veciños, estudo pola tarde trombón e os instrumentos que toque e pola noite estudo as materias do instituto. E teño que ir

para a cama á unha da mañá para poder estudar.

No resto das tardes ou estou no conservatorio ou na escola de música, ou estudando para o conservatorio tamén.

### **3- A que lle dedicas máis tempo?**

Á musica, porque ao final para min é o máis importante. No caso de que queira presentarme a unha orquestra profesional, piden ter o bacharelato e o superior de música pero o que fai de verdade falta é un bo nivel e é o que quero conseguir.

### **4- Desde cando estudas música?**

Dende os seis anos, cando non empezara con ningún instrumento, senón que coa linguaxe musical para así aprender as notas e figuras. Despois, aos oito anos, xa empecei co instrumento, co trombón tenor. E aos dez empecei co trombón baixo.

### **5.- Pensas dedicarte a isto no futuro?**

Si, eu quero dedicarme a isto porque aínda que non me obriguen nin saque ningún beneficio por agora, eu quero estudar música porque me gusta moito e encantárame dedicarme a isto.





**6- Grazas á música coñeciches novos lugares? Se o fixeches cal foi máis do teu agrado?**

A verdade é que si coñecín moitísimos novos lugares e países, como París, Italia... Tamén de Galicia como Celanova ou Ourense. O que máis me gustou foi París porque fomos coa banda de Moraña e tocamos en Disneyland. Eu tiña nove anos e para min sen dúbida é o meu lugar preferido dos que visitei grazas á música.

**7- Opinas que hai bo nivel musical en Galicia?**

Si, en Galicia hai moi bo nivel musical porque un dos meus irmáns toca nunha orquestra profesional e ten moitos coñecidos que tamén fan o mesmo ca el. Hai un montón de xente en Galicia que toca a nivel profesional europeo e incluso a nivel mundial.

Tamén temos ao ladiño, en Barro, a un dos mellores trompetistas do mundo, que está na Chicago Symphony de trompeta solista.

**8- Xa para rematar, e como estamos entrevistándote desde o Equipo da Lingua do Aquis, cres que nos estudos musicais o uso do galego é frecuente para impartir clases?**

Si, na música é moi frecuente o galego. Por exemplo, eu agora no conservatorio aprendo en galego as cinco materias que teño.

Pois con esta resposta, que nos dá ánimos para seguir traballando polo futuro do noso idioma, pechamos a entrevista e dámoslle a Diego as grazas polo seu, nunca mellor dito, *tempo*.

**(Entrevista realizada por Alba Rajoy e Paula Ruíz, de 3º ESO)**

# REFLEXION-ANDO

## IES AQUIS CELENIS, NON HAI FRONTEIRAS

**D**escubrín que existía o IES Aquis Celenis a finais de agosto de 2021, cando meus pais decidiron comprar unha casa en Caldas de Reis e comezar unha nova vida. Aínda que os meus antepasados eran desta vila, eu só viñera pasar algúns días no verán. Ao principio estaba asustado, xa que non coñecía a ninguén. Non obstante, non permitín que o medo e a vergoña puideran comigo e coñecín xa na primeira semana de clase a moitas persoas maravillosas.

Caldas é un lugar moi agradable e fermoso onde vivir, aínda que os seus habitantes non o teñan tan claro. No instituto non só coñecin a persoas do concello de Caldas, senón que tamén atopei a xente de Cuntis, Moraña ou incluso Meis. Este verán visitarei o balneario de Cuntis e tamén me gustaría coñecer Moraña, aínda que non sei que atraccións turísticas hai. Creo que o feito de que gran parte do alumnado fose tamén novo no centro acelerou a miña integración, que sucedeu moi rápido. Nuns poucos meses xa estaba totalmente integrado. Aínda me queda un ano no Aquis e en Caldas, e gustaría-

me coñecer a máis xente antes de marchar.

Estudar nun centro máis grande sempre é unha oportunidade para coñecer persoas con intereses similares, pero no meu caso o instituto no que estudaba antes era moito máis grande. No Aquis hai menos alumnado e todos se coñecen, o que me parece moi positivo. Non obstante, un cambio importante que notei foi a falta de diversidade, xa que case todas as persoas pertencen a un grupo homoxéneo. Isto é positivo dende algúns puntos de vista, xa que ás veces grupos con formas de vivir distintas poderían acabar enfrontados.

En conclusión, coñecer a persoas de distintos lugares no Aquis Celenis foi unha oportunidade para todos e todas nós. Aínda que a comezo de curso a xente se agrupou segundo o lugar de procedencia, pouco a pouco aplicamos nas nosas relacións o retrouso de *Terra das Tanxugueiras*: no IES Aquis Celenis “*non hai fronteiras*”.

**Lois Barreiro**

## O CENTRO NO QUE APRENDEMOS A CONVIVIR

**C**omo todos os anos, setembro é sinónimo de novidades e de volta ao instituto. Moitas veces, o alumnado volve ao mesmo lugar no que estudou o curso anterior, pero outras, xeralmente polo cambio de ESO a Bacharelato, o comezo de curso non se fai na túa propia vila, coma no meu caso; senón que tes que acudir ao instituto máis próximo. Desta forma, moitos adolescentes acabamos coincidindo nun centro con máis diversidade de persoas ca a variedade de bares de Caldas (lugares favoritos do alumnado cando a clase non é entretida). Así foi como eu cheguei ata o IES Aquis Celenis, igual ca moitos dos meus actuais compañeiros e compañeiras. Será daquela o IES Aquis Celenis a capital da nosa comarca? Baixo o meu punto de vista, si. Pero, por que?

En primeiro lugar, cando chegamos a Caldas de Reis vimos dun concello diferente, polo que si que poderíamos empregar o termo “capital” metaforicamente. Pero, como foi? Pois ben, cando entrei pola porta do instituto, como moitas das miñas amizades morañesas, quedamos paradas; xa non só polo descoñecido, senón por todo o grande que era o mundo. É dicir, viñamos dun colexio moito máis pequeno, no que as caras eran

sempre as mesmas e onde todos e todas nos coñeciamos; polo que todo era xigante para nós. Ao principio o medo e a vergoña recoñezo que puideron comigo, pero a medida que avanzou o curso, non sei se foi boa sorte ou que foi, pero conseguín coñecer a xente estupenda coa que comparto momentos memorables e agora recoñezo que a miña clase é a mellor do mundo.

Por outro lado, o instituto non só é o centro de reunión de alumnado, senón tamén lugar de traballo de profesorado insuperable. Pensei e recoñezo que cría que nunca habería profes coma as e os de Moraña, pero equivocábame. En Caldas din cun equipo docente xenial e moi comprometido coas súas materias, e que lles imparten aos alumnos e alumnas dende o máis profundo compromiso. Aprendín tanto este curso que considero que antes eu só sabía chapar e cuspiro todo na proba, agora razoo e penso.

En conclusión, o IES Aquis Celenis é unha oportunidade única de medrar como persoas, de coñecer a xente e, sobre todo, abrir a mente e os ollos. Non é só a capital da comarca, senón un lugar con vida propia no que aprendemos a vivir.

**Marta Valeiras**

## SER O NOVO

**P**or sorte, eu nunca me vin nesta situación. Cando era pequeno xunteime a un grupo de besbellos aos que lles debo a vida. Con dous anos ingresei nun colexio de monxas na miña vila. Alí coñecín a persoas maravillosas e fixen grandes amizades. Por sorte, aínda conservo un bo feixe delas hoxe, en primeiro de bacharelato. Tamén hai que dicir que o meu camiño se separou de moitas outras persoas coas que compartín moitos anos da miña infancia, coas cales aínda tento manter contacto para non esquecer os vellos tempos.

Penso que todo isto é un privilexio, manter relacións de amizade con persoas que viches medrar é algo excepcional.

De só pensar nisto, xorde en min unha tristeza tremenda. O ano que vén, o máis probable é que eu me mude e me separe tanto da miña familia coma das miñas amizades e colegas.

Non sei como de ben me irá, mais penso que todo é por un ben maior: perseguir os meus soños. O que sei seguro é que nun inicio todo me custará moito máis do normal, facer novas amizades, ser o novo... non debe ser nada doado. O único que espero é non perder con-

tacto con toda a xente que me acompañou e me axudou a converterme na persoa que son nestes momentos, un ser cheo de recordos e felicidade.

Por outro lado, quero pensar que a miña chegada será ben acollida, pois atoparei e vivirei con colegas cos mesmos intereses ca min. Ademais, considérome unha persoa moi extrovertida e sociable, encántame relacionarme coa xente. Así que terei que sacar a miña mellor versión e facerlle ver aos meus futuros compañeiros de vida como son eu de verdade.

Á fin e ao cabo, se non era este había ser o próximo curso o das despedidas. A partir do ano que vén cada un e cada unha seguirá cadanseu camiño, se cada noutras cidades ou noutros países, polo que non nos poderemos ver a miúdo.

Tal vez sexa o destino o que decida por nós en moitas ocasións, e neste caso, como ben dicía o gran filósofo Zenón, ante as adversidades que nos depare o destino, temos que ser fortes emocionalmente e chegar á imperturbabilidade, mais é preciso non esquecer de onde vés e quen che axudou a ser o que es.

**Hugo Villaverde**

## A NOVA REALIDADE: ACEPTAR A REALIDADE

O 1 de decembro de 2019 xorde en China unha nova enfermidade coñecida hoxe en día como a COVID-19. Ao principio pensamos que isto non ía con nós, pero todo chegou. Sufrimos un confinamento que nos meteu a todos e todas na casa uns cen días, e o peor: a máscara. Ao principio pensei coma a meirande parte da poboación que a máscara viñera para quedar. Non obstante, hai arredor duns dous meses que a quitaron case por completo, incluso nas aulas. Pero... cambiou a nosa vida algo polo coronavirus? Eu considero que si, pero por que?

En primeiro lugar gustaríame facer unha retrospectiva ata o momento da saída do confinamento. A principios de xaneiro de 2019, despois de case tres meses na casa, puidemos voltar á rúa. Todos e todas estabamos alegres e emocionadas, pero as e os adolescentes ademais parecíamos animais a piques de saír da xaula. Levabamos pechadas na casa moito tempo, tiveramos que afacernos á vida sen ver ás nosas amigas, sen saír e sen poder tan sequera respirar aire fresco. Cando abrimos a porta das nosas casas todo semellou un soño, ou polo menos para min; converténdose así o verán da pandemia no máis intenso da miña vida, pois tanto tempo pechados fixo que non quixeramos malgastar nin un segundo do día.

En segundo lugar, este cambio non só trouxo cousas boas, pois despois da pandemia, a máscara fíxose un claro símbolo

da perigosa situación na que nos atopabamos. O feito de ter que levala sempre posta, fixo que moita xente se obsesionase coa saúde a niveis extremos. Ademais, o mellor momento para min foi cando tras levar case cinco meses na clase cos meus compañeiros e compañeiras, quitamos a máscara. De primeiras sentín que non coñecía a ninguén, e isto provocoume gran inseguridade, o que incluso fixo que sentise certa vergoña. Por outra parte, a mediados de curso os tests estaban máis cotizados ca o alcohol entre a mocidade (crédeme é real); e a isto habería que sumarlle o feito de que moitos medios de comunicación se adicaban a difamar á xente nova polos seus comportamentos, facendo xeneralizacións que nos deixaban como irresponsables por non utilizar a máscara sempre. Non obstante, aínda hoxe, se o penso, de toda a xente que ía pola rúa creo que non me atopei nunca cun rapaz ou cunha rapaza coa boca sen tapar, e adultos, en cambio...

En conclusión, penso que o coronavirus, a pandemia, e as máscaras cambiaron a nosa vida por completo. A trillada frase das voces expertas de “estamos na volta á normalidade” nunca se vai facer realidade, pois estamos xa nunha nova realidade, na que se supón que o ser humano debería ter aprendido a valorar máis as cousas, malia non significar que o faga. Esta é a nosa nova vida, así que, a volta á normalidade non é máis que a aceptación da realidade.

**Marta Valeiras**

# VIAX-ANDO

## CASTELAO EN PONTEVEDRA

**U**nha saída didáctica é en xeral toda aquela actividade que se fai fóra do instituto e que dunha forma ou doutra está relacionada coa ensinanza en xeral e coa materia do profesorado que a organiza en particular. Felizmente, foron retomadas este ano no día a día do Aquis.

Isto, que se pode considerar un paso máis no proceso de recuperación da pandemia, coma calquera outro, ten máis importancia do que parece, pois as saídas son parte importante do sistema educativo, xa que permiten coñecer doutro xeito. Son unha forma de poñer en práctica aquilo que se aprende e ver como ten aplicación no mundo real e de que xeito está visible fóra do instituto.

No caso que nos ocupa, fomos ver a exposición permanente da obra de Castelao en Pontevedra. Se a visita ao recentemente nomeado Edificio Castelao foi unha parte que mesturou explicación e observación, o roteiro por Pontevedra que fixemos despois permitiú-

nos ver que aquilo que se dixo no museo estaba presente nas rúas próximas e que tiña continuidade nunha cidade na que o autor rianxeiro fóra moi feliz.

Exemplo disto pode ser o número dez da rúa da Oliva, onde viviu Castelao, e de onde

viña parte importante das obras do museo, ou os escudos que había no Pazo da familia Mariño de Lobeira, na rúa César Boente, e que foran fonte de inspiración para o seu icónico escudo de Galiza.

Para min o máis importante e fascinante das saídas é ver aquilo que na clase se menciona pero non se pode apreciar de xeito tan exacto. Pode ser unha obra en concreto ou unha liña xeral de traballo que para comprobala necesitase unha maior cantidade de material. No noso caso isto pasounos cos debuxos orixinais do Álbum Nós.

Por outra banda, tamén hai que ter en conta que as saídas non son só o que se aprende dun contido específico da materia, tamén son unha boa forma de

aprender máis relaxadamente e socializando, o que supón un alivio á monotonía diaria do horario escolar.

A isto tamén axuda que normalmente sempre se deixa un tempo libre, que no noso caso foi xusto despois da visita ao museo, e no que podemos andar ao noso aire por Pontevedra.

Por todo isto considero que as saídas non son unha actividade máis, demostran que hai outros xeitos de aprender, e que isto non ten por que facerse dunha forma tan teórica e estática senón poñendo en práctica e vendo material de primeira man.

**Bruno Figueiro**



## A NOSA EXPERIENCIA EN XAÉN

**C**ando nos dixeron que íamos pasar unhas trece horas en autobús para ir a Xaén, non imos mentir, moita graza non nos fixo, mais as experiencias que vivimos alí e o ben que o pasamos mereceron moito a pena.



O primeiro día fomos ó instituto da vila na que estabamos, Baños de la Encina. Demos unha pequena charla na que falamos das distintas actividades que se desenvolven no noso centro: STEMBach, Club de lectura e Equipo de Dinamización, Club de Ciencia, Cuale, etc. Logo diso, integrámonos nos diferentes cursos, e asistimos a clase de distintas materias. Esa foi unha das miñas partes favoritas da viaxe, porque ao

xuntarnos coa demais rapazada puidemos coñecer a xente nova e sentirnos nós tamén alumnado do instituto.

Pola tarde fixemos unha visita a unha cidade dos arredores, Baeza. Ó día seguinte, pola mañá, visitamos a panadería da vila e vimos como se facían os

pasteis típicos de alí. Ademais, fixemos unha visita guiada ós lugares máis importantes de Baños de la Encina e os traballadores dunha das almazaras de aceite de oliva explicáronnos os procesos de fabricación do aceite. Xa pola tarde, fomos a Úbeda, outra cidade que está

moi preto de Baeza. Ambas moi bonitas.

Sen dúbida esta viaxe volvería a repetila mil veces máis, porque á parte de coñecer a xente nova ou socializar máis, aprendemos un montón de curiosidades, visitamos lugares moi fermosos e moi distintos ós de aquí.

**Inés. 1º Bach**



## S.O.S CLÁSICAS. VIAXE A LUGO E CASTRACIÓN

**H**oxe ímosvos falar da saída didáctica que fixemos os alumnos e as alumnas de 4º da ESO e 1º e 2º do bacharelato de Humanidades, o oito de marzo. Fomos a Lugo e a nosa primeira parada foi Santalla de Bóveda, onde se atopa un *unicum* da cultura romana. Posteriormente dirixímonos cara ao centro da cidade para visitar o Museo Provincial, no que tivemos unha visita guiada. Despois do descanso para a comida fomos ver unha obra de teatro interpretada por uns rapaces da Coruña.

Ademais, tamén se deu a casualidade de que xusto alí tivemos coñecemento do comezo dunha campaña chamada “S.O.S clásicas”. A súa finalidade é facer máis patente a importancia das linguas clásicas na sociedade, e para difundila están usando canles moi populares entre a xente nova como Instagram ou Tiktok.

Pola nosa parte, como alumnado do bacharelato de Humanidades, quere-

mos que se promova o estudo tanto do grego como do latín e da rica cultura destas linguas, e animamos a participar neste movemento de defensa das linguas clásicas. Así mesmo, nós procuramos reflexionar sobre o porqué



desta castración intelectual que vai afectar a tanta mocidade de tantos institutos. Que queremos como sociedade? Cal é a finalidade deste novo currículo que prescinde de materias como grego ou latín, que están na orixe do coñecemento? As preguntas quedan formuladas, as respostas hai que buscalas.

**Sara, Iago**

## VIAXANDO CON ROSALÍA E CASTELAO

### Da man de Rosalía

“**A**s pegadas de Rosalía en Compostela” foi o roteiro que realizou o alumnado de 3º da ESO e que os levou desde a Alameda ata o Bosque do Banquete de Conxo, pasando por Bonaval e as beiras do río Sar. Un fermoso paseo que lles fixo descubrir entre outras cousas: as portas de Compostela, o antigo Hospital Real, a figura de Alfredo Brañas, o Panteón de galegos ilustres, a resonancia do arco de Xelmirez...

A visita completouse coa última residencia de Rosalía, a casa da Matanza, en Padrón.

Un día ben completo no que ademais aprenderon a orientarse polas rúas, recitaron poemas, entrevistaron os viandantes, admiraron a arte en pedra e... gozaron arredor da poesía.

### Da man de Castelao

**M**oito nos gusta descubrir a pegada dos nosos escritores nos lugares que hoxe andamos! Desta volta tocoulle ao alumnado de 4ºESO mergullarse na figura de Castelao.

Comezando por unha visita ao Museo Castelao, descubriron o Castelao pintor, o debuxante, o caricaturista, o político, o artista, o comprometido..., en fin, ese Castelao polifacético ou poliédrico, figura indispensable da nosa cultura e da nosa historia.

A seguir, foron eles e elas mesmos os encargados de descubrir os vínculos do autor coa cidade que o acolleu nos anos previos á guerra a través das súas prazas, das rúas, dos cafés... e presentárllelo ao resto dos



compañeiros despois dun traballo de investigación e busca de información dirixido polo seu profe de Lingua -Anxo-.

Con certeza, ademais de gozar dun agradable paseo pola cidade, todos e todas volveron ás súas casas cun pouco máis de coñecemento da nosa historia.

## O NOSO DÍA NA COMPOSTELA DE ROSALÍA

**D**espois de que nos anunciáran de que íamos facer unha saída coa materia de galego, tardamos moito en realizala. O día por fin chegara e tiñamos toda a intención de pasalo ben pero non sospeitamos que as actividades ían ser así.

Nada máis chegar ao centro tivemos que ir coher o autobús para comezar a saída. No traxecto de ida cantamos o himno galego e non faltou tampouco “Terra”, das Tanxugueiras. Como vedes, o ambiente do autobús foi festivo. Pasámo-lo ben falando e cantando todo o traxecto.

Cando chegamos a Santiago comezamos as nosas actividades na Alameda, moi perto da estatua de homenaxe a Rosalía de Castro. O obxectivo era descubrir lugares desta cidade relacionados coa vida e obra da poeta e, de paso, coa historia da literatura e da lingua galega. Dividímonos en grupos e algunhas persoas quedaron máis contentas ca outras co reparto, e isto fixo que ao principio estiveramos máis incómodas pero aínda así todas, finalmente, gozamos moito do día.

Nas actividades tiñamos que falar galego, e a algunhas persoas custoulles máis ca a outras xa que tamén algún alumnos do centro empregá-molo máis ca outros. Había xente que non respectaba esta condición, pero en xeral todos o falamos polo menos nesta actividade.

Na Quintana, un lugar que sempre está cheo de turistas, andabamos na busca de xente de Santiago para poder resolver as probas propostas polo profesorado. Atopamos varios galegos e galegas pero, como era pola mañá e a xente nova estaba estudando ou traballando, a maioría das persoas santiaguesas eran da terceira idade e, a pesar de mostrarse amábeis e aceptar axudarnos coas nosas actividades, cando se

enteraron de que tiñan que facernos unha foto, por moito que o intentaron, non foron capaces.

Pasamos por moitas rúas distintas e algunha moi rara: había unha que se chamaba “Sal se podes” e chamábase así porque non tiña saída. Sen dúbida, esta foi a rúa máis difícil de atopar pero grazas ao noso compañeiro Diego puídemos dar con ela a pesar de perdernos moitas veces antes de chegar. Tamén fomos á Praza de Abastos; a nós as dúas persoalmente gustounos un montón xa que todo estaba moi ben organizado e en moi boas condicións, ademais non había moita xente.

Ao rematar as probas, reunímonos na Praza do 8 de marzo, e logo fomos ata o Museo do Pobo Galego.

Desde alí, entramos ao Panteón da Galegas e Galegos Ilustres, onde repousan persoas importantes para a historia da nosa terra como Castela, Rosalía, Domingo Fontán... Foi neste lugar onde Anxo Ruibal leu o poema que lle dedicou Curros Enríquez á nosa poeta.

Xa cara á unha máis ou menos, comezamos a andaina polas beiras do Sar ata a carballeira do Banquete de Conxo, onde íamos xantar. Pareceunos unha ruta moi bonita e interesante xa que nunca pasamos antes por alí. Ademais, fixemos tres paradas para que varias de nós leramos poemas rosalianos que falaban do que estabamos observando: o río Sar, Cornes, Conxo... Sen dúbida repetiría eses momentos. É certo que nos cansamos moito pero chegar ao remate valeu a pena. Pareceunos incríbel que alí mesmo xantaran no seu día Rodríguez Seoane, Pondal, Aguirre e, se cadra, Rosalía e moitos galegos ilustres máis que, se non fose por eles... que sería da nosa literatura hoxe en día!

# CHAMOS A NOSA SAÍDA A COMPOSTELA

## Roteiro lírica medieval en Compostela (1º Bach)

1. **San Pedro de Noya**  
Este templo barroco de gran importancia cultural, es el primer templo barroco de Galicia, y el primer templo barroco de Galicia.  
E.L.T.



2. **San Pedro de Noya**  
Este templo barroco de gran importancia cultural, es el primer templo barroco de Galicia, y el primer templo barroco de Galicia.  
E.L.T.



3. **San Pedro de Noya**  
Este templo barroco de gran importancia cultural, es el primer templo barroco de Galicia, y el primer templo barroco de Galicia.  
E.L.T.



4. **San Pedro de Noya**  
Este templo barroco de gran importancia cultural, es el primer templo barroco de Galicia, y el primer templo barroco de Galicia.  
E.L.T.



5. **San Pedro de Noya**  
Este templo barroco de gran importancia cultural, es el primer templo barroco de Galicia, y el primer templo barroco de Galicia.  
E.L.T.



6. **San Pedro de Noya**  
Este templo barroco de gran importancia cultural, es el primer templo barroco de Galicia, y el primer templo barroco de Galicia.  
E.L.T.



7. **San Pedro de Noya**  
Este templo barroco de gran importancia cultural, es el primer templo barroco de Galicia, y el primer templo barroco de Galicia.  
E.L.T.



8. **San Pedro de Noya**  
Este templo barroco de gran importancia cultural, es el primer templo barroco de Galicia, y el primer templo barroco de Galicia.  
E.L.T.



9. **San Pedro de Noya**  
Este templo barroco de gran importancia cultural, es el primer templo barroco de Galicia, y el primer templo barroco de Galicia.  
E.L.T.





Elaborado por el personal de la biblioteca en colaboración con el equipo de voluntarios de la biblioteca, el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra.

Tras haber estado en la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra.

El equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra.

El equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra, en colaboración con el equipo de trabajo de la biblioteca de Calzada de la Sierra.



# MELLOR QUE MIL PALABRAS...

## Casaio, Carballada de Valdeorras (2º ESO)



## Guimaraes e Pena Aventura (3º ESO)



## Vila Romana de Toralla (3º ESO)



## Contacontos Cris de Caldas Obradoiro percusión afrocubana



## Teatro (1º Bacharelato)



**Fervenza do Toxa (3º ESO)**



**Illa de Arousa (1º Bach)**



**Praia Area Grande (1º ESO)**



**Outeiro de Rei, Lugo e Viladonga (1º ESO)**





## DAVIDESIÑO...



**C**on Davide... chegou a voz e a radio escolar ao Aquis para dar voz a todas e todos.

As inquedanzas de xornalista metido a profesor marcan a súa metodoloxía didáctica. “Docere et delectare” ( aprender deleitando), iso é o que fai Davide nas aulas e fóra delas tamén porque Davide ensina co exemplo e ensina cousas fundamentais: o respecto pola diferenza e o orgullo do propio: do propio corpo, do propio idioma, do amor propio.

Davide é unha voz amable pero non por iso menos contundente, seguro na defensa da igualdade e no activismo por un mundo (o noso mundo celeno) mellor para todas as persoas. O seu compromiso deixa pegada no Aquis onde o alumnado hase lembrar del, e o profesorado tamén, cando pensemos nestes tres anos nos que foi parte esencial de case todas as actividades realizadas: dinamización, igualdade, clubs de lectura, radio, stembach... Davide había un, pero parecían varios... tres anos de Davide no instituto que marcan época.

Davide veu coa pandemia, no momento en que tivemos que cubrir a cara e non mostrar os sorrisos, pero foi inútil porque a el o sorriso víase-lle nos ollos ... Davide, Dá-vida (permítaseme este xogo lingüístico ao puro estilo Pepepedro, que sei que a el halle gustar).

## PEDRO, TI SI QUE ES AQUIS!

*Hai homes que loitan un día e son bos.  
Hai outros que loitan un ano e son mellores.  
Hai outros que loitan moitos anos e son moi bos.  
Pero hai os que loitan toda a vida.  
Eses son os imprescindibles  
Bertolt Brecht*



Así comeza Silvio Rodríguez "Sueño con serpientes". A canción que me dá voltas na cabeza e que cantaruxo cando penso en Pedro. Disposto, áxil, paso lixeiro, apresurado, aparentemente caótico ou caos organizado.

"Se non existise habería que inventalo", dicía Voltaire respecto da existencia de Deus. Nós dicímolo de Pedro, porque Pedro é coma un deus creador e omnipresente no Aquis. Todas e todos construímos a vida do centro a diario, mais Pedro é o demiurgo que toca cos dedos e converte os soños en realidade, o artista

creador, o artífice de moitos dos proxectos do Aquis. Seguirán existindo, con certeza, mais se existen é, en boa parte, grazas ao traballo, á creatividade, á dedicación e á organización caótica de Pedro. O EDLG, o Club de lectura, a Biblioteca, os recitais poéticos, as excursións, os intercambios escolares, os festivais, as representacións teatrais, o grupo LGTBI e esta revista mesmo, este *Ruxe - Ruxe* que será o último que garde nas súas páxinas a imaxinación e o bo facer de Pedro, en fin, todo o que constitúe a marca diferencial do Aquis ten o selo de Pedro.

Desde aquí, queremos agradecerche o teu traballo, a túa entrega, a túa dedicación ou, simplemente, que sexas TI. Ti es o compromiso coa lingua, coa cultura, coa igualdade, co respecto. Ti, coa túa visión estrábica que unicamente che permite ver o lado positivo das cousas e das xentes e coa túa forza de vontade impermeable ao desánimo, soubeches compoñer e dirixir unha melodía polifónica na que as voces solistas se diluíron nun son coral e harmónico, caixa de resonancia para esta orquestra do Aquis que (vice)dirixiches durante tantos anos.

Pedro, TI si que es Aquis.

**A comunidade do Aquis**



# Non ás guerras

bomba pomba

